

8.0	COBERTURA SUPERFICIAL	CORRECTO SI/NON	OBSERVACIÓNS/ DEFICIENCIAS
8.1	Comprobación visual do estado en que se atopa a capa de solo orgánico		
	8.1.1. Existe perda de espesor na capa de solo orgánico? Indicar.		
	8.1.2. Hai algún tipo de alteración da superficie da capa de solo (p.e. alteración provocada pola entrada de animais no vertedoiro)? Indicar.		
	8.1.3. Atópase en boas condicións?		
8.2	Comprobación visual do estado en que se atopa a capa de solo mineral		
	8.2.1. Existe perda de espesor na capa de solo mineral? Indicar.		
	8.2.2. Atópase en boas condicións?		
9.0	PLANTACIÓNS	CORRECTO SI/NON	OBSERVACIÓNS/ DEFICIENCIAS
9.1	Comprobación visual do estado en que se atopan as especies arbóreas		
	9.1.1. Existe a presenza de árbores sobre a superficie do vertedoiro? Indicar.		
9.2	Comprobación visual do estado en que se atopan as especies arbustivas		
	9.2.1. Existe unha densidade homoxénea de especies arbustivas no vertedoiro? Indicar a altura media delas.		
9.3	Comprobación visual do estado en que se atopan as especies herbáceas		
	9.3.1. Existe unha densidade homoxénea de especies herbáceas no vertedoiro? Indicar a altura media delas.		
	9.3.2. Existe unha perfecta cubrición de herbáceas?		
10.0	PECHE PERIMETRAL	CORRECTO SI/NON	OBSERVACIÓNS/ DEFICIENCIAS
10.1	Comprobación dos elementos verticais		
	10.1.1. Detéctase falta ou ausencia de postes de suxeición? Indicar a/s zona/s.		
	10.1.2. Existe deterioración das ancoraxes?		
	10.1.3. Atópase en boas condicións?		
10.2	Comprobación dos elementos horizontais		
	10.2.1. Detéctase falta ou ausencia de algún elemento de peche perimetral (malla galvanizada, postes de madeira, portais de entrada, cadeado, etc.)? Indicar.		
	10.2.2. Atópase en boas condicións?		
11.0	RESULTADOS DAS ANALÍTICAS E MEDICIÓNS		
12.0	REPORTAXE FOTOGRÁFICA E PLANO DE LOCALIZACIÓN		
13.0	OBSERVACIÓNS		

Orde do 18 de agosto de 2009 pola que se modifica a Orde do 13 de decembro de 2006 pola que se regula a cédula de rehabilitación de calidade e se determina a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

O Decreto 316/2009, do 4 de xuño, atribúe as competencias e funcións en materia de vivenda á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, creada polo Decreto 83/2009, do 29 de abril.

O artigo 3 do Decreto 157/2006, do 7 de setembro, crea a cédula de rehabilitación de calidade e dispón a súa regulación por orde da Consellería de Vivenda e Solo. A súa disposición derradeira primeira faculta a conselleira de Vivenda e Solo para ditar, no exercicio das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación do referido decreto.

A Orde do 13 de decembro de 2006 regula a cédula de rehabilitación de calidade. O seu artigo 12º sinala o inicio do prazo de presentación de solicitudes pero non concreta a data de finalización do dito prazo.

No momento presente o número de solicitudes presentadas en relación co volume de recursos previstos para este fin aconsella establecer unha data límite para o prazo de presentación das solicitudes.

Por todo o anterior, e en uso da referida autorización,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modifícase o artigo 12º da Orde do 13 de decembro de 2006 ao que se lle engade un segundo parágrafo coa seguinte redacción:

«A data de finalización do prazo de presentación de solicitudes será o día 31 de agosto de 2009».

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2009.

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio
e Infraestruturas